

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6528** *REAL DECRETO 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan determinadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para os anos 2004, 2005 e 2006. («BOE» 90, do 14-4-2004.)*

Coa finalidade de conseguir os obxectivos que o artigo 33 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea asigna á política agrícola común, a lexislación comunitaria previu para varias producións gandeiras distintos sistemas de axudas directas ás rendas dos produtores como parte esencial da regulación e ordenación dos mercados.

A Axenda 2000 introduciu axudas directas á renda dos produtores de leite, cuxa operatividade estaba prevista a partir do ano 2005. Sen embargo, a última reforma da política agraria común (PAC), acordada polo Consello da Unión Europea o 26 de maio de 2003, tivo consecuencias normativas que fan necesaria a adopción deste real decreto.

Co fin de fomentar o consumo de leite e produtos lácteos na Unión Europea e mellorar a competitividade destes produtos no mercado internacional, introduciuse no Regulamento (CE) n.º 1787/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1255/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector do leite e dos produtos lácteos, unha redución do nivel do apoio ao mercado, especialmente mediante a redución gradual, a partir do 1 de xullo de 2004, dos prezos de intervención da manteiga e do leite desnatado en po.

As axudas directas no sector lácteo teñen como obxectivo compensar os posibles efectos que sobre as rendas dos produtores puidese ter esa diminución. En consecuencia, as axudas directas á renda dos produtores de leite introducidas no marco da Axenda 2000 foron adiantadas no tempo e incrementadas. Isto último recolleuse no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, adoptado tamén o 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e polo que se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CEE) n.º 2019/1993, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/1994, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/1971 e (CE) n.º 2529/2001.

Estas axudas para o sector supoñen unha gran novidade, pois até agora os gandeiros produtores de leite de vaca non recibían ningún tipo de axuda comunitaria.

As axudas previstas neste regulamento son de dous tipos: a denominada prima láctea e os pagamentos adicionais. A primeira é proporcional á cota que ten un gandeiro cada ano, e a segunda determínase en función dos criterios establecidos neste real decreto.

O sistema establecido nesta norma é transitorio até que no ano 2006 sexa plenamente operativo o sistema de pagamento único introducido coa reforma da PAC.

Por todo isto, é necesario adoptar este real decreto, xa que a súa finalidade é determinar o marco básico en que se deben encadrar as actuacións das administracións competentes na tramitación, resolución e paga-

mento destas axudas en España nos anos 2004, 2005 e 2006. Non obstante o principio de eficacia directa dos regulamentos comunitarios, considerouse conveniente transcribir certos preceptos destes para facilitar a comprensión desta disposición.

Efectúanse na disposición derradeira primeira tres modificacións no Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, destinadas a aclarar as obrigas aplicables a certas clases de compradores de leite.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2004,

DISPŪO :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto o establecemento para os anos 2004, 2005 e 2006 da normativa básica dos seguintes réximes de axudas directas ao sector vacún de leite:

a) Prima láctea, establecida no artigo 95 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común, polo que se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001.

b) Pagamentos adicionais, establecidos no artigo 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003.

2. Así mesmo, este real decreto regula o prazo de presentación e as condicións de solicitude das axudas de acordo co establecido nos capítulos 1 e 7 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, polo que se establecen normas detalladas de aplicación para estes réximes de axuda directa, prima láctea e pagamentos adicionais.

Artigo 2. *Definicións.*

Sen prexuízo das definicións establecidas no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e que se terán por aplicables neste real decreto, entenderase por:

a) Cota dispoñible: aquela cota láctea con que conta cada produtor para a oportuna liquidación da taxa o último día de cada período.

Para estes efectos, aquelas cotas cedidas temporalmente serán consideradas como dispoñibles para o cesionario ou adquirente, no período en cuestión.

Do mesmo modo, en caso de transferencias definitivas e en aplicación do número 1 do artigo 43 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, as entregas certificadas e, se é o caso, as vendas directas declaradas por un produtor transferidor no momento de efectuar unha transferencia, sempre e cando non superen a súa

cota, excluída a procedente da reserva nacional, consideraranse cantidade dispoñible por aquel para efectos da liquidación da taxa suplementaria do período.

b) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este real decreto.

## CAPÍTULO II

### Axudas

#### Artigo 3. *Beneficiarios das axudas.*

1. En cada un dos tres anos establecidos no artigo 1, poderán ser beneficiarios das axudas reguladas neste real decreto todos aqueles produtores con cota dispoñible, sempre que, no período que finaliza o 31 de marzo de cada un dos anos, realizasen entregas a un comprador autorizado ou presentasen en prazo declaración de venda directa.

2. De acordo co establecido no artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, aqueles produtores con cota dispoñible que non realizasen entregas no período mencionado no número 1 deste artigo deberán demostrar, á satisfacción da autoridade competente, que reiniciaron as entregas ou a venda directa, se é o caso, comunicando á autoridade competente o dito feito logo que se producise e sempre antes de que finalice o prazo de presentación da solicitude de axuda.

3. Igualmente, aqueles produtores con cota dispoñible que non realizasen entregas no período recollido no número 1 deste artigo, debido a casos de forza maior ou casos excepcionais debidamente xustificadas, segundo o recollido no artigo 2.l) e m) do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, poderanse beneficiar da axuda, sempre que comunicasen o feito á autoridade competente logo que o produtor teña coñecemento deles e, en calquera caso, antes do 31 de marzo do mesmo ano en que presenten a solicitude de axuda.

#### Artigo 4. *O sistema integrado de xestión e control e a condicionalidade.*

1. O produtor que solicite no ano 2004 as axudas reguladas por este real decreto deberá:

a) Observar o establecido no Real decreto 1322/2002, do 13 de decembro, sobre requisitos agroambientais en relación coas axudas directas no marco da política agraria común.

b) Aterse ao disposto nos seguintes artigos do Regulamento (CE) n.º 2419/2001 da Comisión, do 11 de decembro de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios introducido polo Regulamento (CEE) n.º 3508/92 do Consello:

- 1.º Artigos 11 ao 14, sobre disposicións comúns.
- 2.º Artigo 15, sobre os principios dos controis.
- 3.º Artigo 17, relativo aos principios xerais dos controis sobre o terreo.
- 4.º Artigo 20, que prevé o informe de control.
- 5.º Artigo 33 sobre incumprimento intencional, interpretado tal como establece o artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003.
- 6.º Artigo 44, que regula supostos de inaplicación de reducións e exclusións.
- 7.º Artigos 46 ao 51, que conteñen as disposicións xerais.

2. O produtor que solicite nos anos 2005 e 2006 as axudas reguladas por este real decreto, de acordo

co disposto no título II do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, deberá:

a) En cumprimento do seu capítulo 1, observar os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais, de acordo co que a normativa aplicable estableza.

b) En cumprimento do seu capítulo 4, aterse ao que a normativa aplicable estableza en relación co sistema integrado de xestión e control.

#### Artigo 5. *Importe das primas lácteas.*

1. A prima láctea será concedida por ano natural, por explotación e por quilogramo de cota dispoñible con dereito a prima.

2. O importe anual da prima láctea por 1.000 quilogramos de cota dispoñible con dereito a prima será o seguinte:

- a) 8,15 euros para o ano 2004.
- b) 16,31 euros para o ano 2005.
- c) 24,49 euros para o ano 2006.

3. De acordo co establecido no artigo 95.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, a cota con dereito a prima para España fíxase en 5.566.950 toneladas. Se a suma das cotas dispoñibles dos solicitantes que cumplan os requisitos establecidos no artigo 3 deste real decreto supera a cantidade antes citada, fixarase un coeficiente redutor que se aplicará linealmente a todas as solicitudes. Antes do 15 de novembro de cada ano, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá o coeficiente redutor de acordo con toda a información que, en cumprimento do artigo 15 deste real decreto, faciliten as comunidades autónomas.

#### Artigo 6. *Principios xerais de concesión dos pagamentos adicionais.*

1. As autoridades competentes efectuarán nos anos 2004, 2005 e 2006 pagamentos adicionais aos produtores asentados no seu ámbito territorial. Estes pagamentos adicionais consistirán exclusivamente nun importe adicional ao importe da prima láctea, fixado no artigo 5.

Os pagamentos adicionais faranse con cargo ás contías totais dispoñibles previstas para cada comunidade autónoma nos anexos deste real decreto.

2. A autoridade competente distribuirá os pagamentos adicionais, ben de maneira proporcional á prima láctea ben atendendo a algunha ou algunhas das modalidades de explotación establecidas no artigo 7, ou ben mediante unha combinación de ambas as opcións. A súa contía non se poderá vincular ás fluctuacións dos prezos de mercado.

3. Os pagamentos adicionais, sexa cal for o criterio de distribución elixido de acordo co establecido no artigo 7, non poderán ter un importe unitario, por explotación e ano, superior:

- a) No ano 2004, a 3.000 euros.
- b) No ano 2005, a 6.000 euros.
- c) No ano 2006, a 9.000 euros.

Non obstante o disposto no número anterior e no caso de explotacións asociativas, as autoridades competentes poderán establecer criterios obxectivos polos cales os importes unitarios máximos anteriormente descritos sexan de aplicación en función das persoas físicas existentes nelas.

4. A autoridade competente poderá excluír do beneficio dos pagamentos adicionais os produtores que durante o período 2003/2004 ou seguintes pretendan ceder ou transferir a súa cota ou solicitasen participar

nun programa de abandono. Igualmente poderá excluir os produtores que non cumpran as exixencias de calidade de leite, de acordo co Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

#### Artigo 7. *Criterios de distribución dos pagamentos adicionais.*

En caso de non empregarse o criterio proporcional á prima láctea, a autoridade competente fixará os pagamentos adicionais atendendo a algunha ou algunhas das seguintes modalidades de explotación:

a) Explotación agraria familiar ou asociativa que teñan a consideración de prioritaria de acordo cos requisitos establecidos polos artigos 4 a 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

b) Explotación cualificada como «explotación gandeira ecolóxica» de acordo cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 1804/1999 do Consello, do 19 de xullo de 1999, polo que se completa, para incluír as producións animais, o Regulamento (CE) 2092/91, do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimentarios, sempre que estea sometida a un sistema de control externo que se axuste á norma EN 45011.

c) Explotación que contribúa á fixación da poboación en determinadas zonas desfavorecidas, de acordo co establecido nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.

As comunidades autónomas poderán restrinxir o ámbito destas zonas en función das súas propias características. En todo caso, entenderase que contribúe á fixación da poboación a circunstancia de que a residencia do gandeiro estea situada no termo municipal ou a comarca onde radica a explotación ou, cando así o determine a autoridade competente, nun termo municipal limítrofe co municipio ou comarca en que estea situada a explotación.

d) Explotación que estea catalogada, de acordo co que a correspondente normativa nacional estableza, como de produción gandeira integrada.

e) Explotación de agricultor profesional, segundo se define no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo. As explotacións asociativas poderán obter esta consideración cando polo menos o 50 por cento dos socios que as integran cumpran a condición establecida.

f) Explotación de agricultor mozo, segundo se define no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo. As explotacións asociativas poderán obter esta consideración cando polo menos o 50 por cento dos socios que as integran cumpran a condición establecida.

g) Explotación que obtivese nalgún dos cinco anos inmediatamente anteriores ao pagamento algunha das seguintes axudas oficiais:

1.<sup>a</sup> As destinadas aos investimentos sinalados no artigo 3.1.a) do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

2.<sup>a</sup> As que nesta mesma liña se poidan obter de acordo co disposto no capítulo II do título II, «Instalación de agricultores mozos», do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999.

3.<sup>a</sup> As previstas no artigo 3.2.d), g) e h) do Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos

para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

4.<sup>a</sup> Calquera outra axuda da mesma natureza concedida ao abeiro de normativa derogada polas disposicións aludidas anteriormente.

h) Explotación integrada nun núcleo de control leiteiro ou en programas oficiais de control de rendementos.

i) Explotación gandeira cualificada como B3 ou indemne de brucelose, B4 ou oficialmente indemne de brucelose, T3 ou oficialmente indemne de tuberculose, segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

j) Explotación que pertenza e entregue leite a unha cooperativa que estea autorizada como comprador no réxime da taxa suplementaria.

k) Explotación que pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.

l) Explotación que pertenza a unha denominación de orixe, denominación de calidade, indicación xeográfica protexida ou outras similares relativas ao leite ou produtos lácteos.

m) Explotación asociativa, das recollidas no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, que estea dedicada á comercialización de leite ou produtos lácteos.

n) Explotacións que pertencen a unha entidade cooperativa ou asociativa.

ñ) Explotacións que manteñan unha carga gandeira inferior á que determine a autoridade competente. A determinación da carga gandeira realizarase de acordo coas características de cada zona e en ningún caso poderá ser superior a 1,4 UGM/ha.

### CAPÍTULO III

#### Tramitación e control das solicitudes

#### Artigo 8. *Solicitudes.*

1. Os produtores que desexen obter as axudas descritas neste real decreto e, de acordo coa normativa vixente, veñan obrigados a realizar a declaración de superficies presentarán a solicitude de axudas no sector lácteo ante a mesma autoridade competente en que deban presentar a citada declaración de superficies, salvo que a explotación se sitúe en máis dunha comunidade autónoma; en tal caso aplicarase o disposto no parágrafo seguinte.

No caso en que o produtor non estea obrigado a presentar declaración de superficies, presentará a solicitude das axudas recollidas neste real decreto ante a comunidade autónoma en que radique a súa explotación. En caso de a explotación se situar en máis dunha comunidade autónoma, a solicitude dirixirase ao órgano competente da comunidade autónoma onde teña a maior parte da súa explotación.

2. As solicitudes de axudas que establece este real decreto presentaranse entre o 1 de xaneiro e o segundo venres do mes de marzo de cada ano. Non obstante, admitiranse solicitudes de axudas presentadas cun atraso inferior a 25 días naturais, aínda que isto suporá unha redución do importe da axuda nun un por cento por cada día hábil de atraso, salvo nos casos de forza maior e circunstancias excepcionais recollidos no artigo 48 do Regulamento (CE) n.º 2419/2001 da Comisión, do 11 de decembro de 2001.

3. As solicitudes formalizaranse nos formularios e soportes establecidos para o efecto polas autoridades competentes e deberán conter, polo menos, os datos recollidos no anexo IV.

4. As solicitudes de axuda poderán ser corrixidas ou retiradas en calquera momento posterior á súa presentación, salvo que a autoridade competente informase os produtores da existencia de irregularidades na súa solicitude de axuda, os avisase da súa intención de efectuar un control sobre o terreo ou, efectuado este, se puxese de manifesto a existencia de irregularidades.

#### Artigo 9. *Controis previos á concesión das axudas.*

1. As solicitudes de axuda someteranse a controis administrativos e sobre o terreo co obxectivo de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3, así como das condicións que xustifiquen a escolla dalgunha ou algunhas das modalidades de explotación previstas no artigo 7 para fixar os pagamentos adicionais.

2. Os controis sobre o terreo realizaranse cando menos sobre o dous por cento das solicitudes de axuda de cada ano. Este control basearase, especialmente, na contabilidade do produtor e demais documentación existente na explotación.

#### Artigo 10. *Plans de control.*

1. O Estado, a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), elaborará e aprobará anualmente un plan nacional de control que deberá recoller calquera aspecto que se considere necesario para a realización coordinada dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo. A elaboración deste plan farase de conformidade coas normas do sistema integrado de xestión e control vixentes en cada momento segundo o disposto no artigo 4.

As comunidades autónomas aprobarán plans rexionais de control axustados ao plan nacional que deberán ser comunicados ao Fondo Español de Garantía Agraria.

2. Corresponde ás comunidades autónomas levar a cabo as actividades de control de conformidade co establecido no Regulamento (CEE) n.º 3508/1992 do Consello, do 27 de novembro de 1992, polo que se establece un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, e no Regulamento (CE) n.º 2419/2001, da Comisión, do 11 de decembro de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios introducido polo Regulamento (CEE) n.º 3508/92 do Consello.

3. Cando así proceda, a autoridade competente realizará os controis sobre o terreo recollidos neste real decreto simultaneamente cos demais controis establecidos na normativa comunitaria.

#### Artigo 11. *Incumprimentos.*

Non se concederá a axuda solicitada cando, como consecuencia dos controis administrativos ou sobre o terreo, se comprobe que o solicitante non cumpre as condicións para a concesión da prima establecidas no artigo 3, incluídos os compromisos de reiniciación da actividade.

Ademais, cando se comprobe que estes incumprimentos derivan de irregularidades cometidas intencionalmente, unha cantidade igual á que chegase a percibir deducirase dos pagamentos de axudas en virtude de calquera dos réximes de axuda que figuran no número 1 do artigo 1 do Regulamento (CEE) n.º 3508/1992, do Consello, do 27 de novembro de 1992, ou con cargo ao réxime do pagamento único e outros réximes de axuda establecidos nos capítulos III e IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, que o produtor puiden recibir o ano seguinte.

#### Artigo 12. *Resolución e pagamento das axudas.*

1. O outorgamento ou denegación das axudas a que se refire este real decreto corresponde á autoridade com-

petente a que se dirixise a solicitude, de acordo co disposto no artigo 8.

2. Estas axudas aboaranse cando se finalizasen todos os controis establecidos no artigo 9, a partir do 1 de decembro de cada ano e antes do 30 de xuño do ano seguinte.

#### Artigo 13. *Modulación.*

De acordo co capítulo 2 do título II do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e a partir do 1 de xaneiro de 2005, as axudas reguladas neste real decreto serán tidas en conta como parte dos importes dos pagamentos directos concedidos nun ano natural, para efectos da súa oportuna redución de acordo co que a normativa aplicable estableza.

#### Artigo 14. *Devolución de axudas indebidamente percibidas.*

1. No caso de pagamentos indebidos, os produtores deberán reembolsar os seus importes, máis os xuros correspondentes ao tempo transcorrido entre a notificación da obriga de reembolso e o reembolso efectivo. O tipo de xuro que se aplicará será o de demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Non se aplicará xuro ningún cando o pagamento indebido se realizase por erro da Administración competente.

#### Artigo 15. *Fornecemento de información.*

1. Para dar cumprimento ao establecido no número 3 do artigo 5 deste real decreto, ben como ao artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, as autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a información relativa a cada ano que se cita a seguir:

a) Antes do 30 de xullo, sumatorio de cota dispoñible e número total de gandeiros que presentasen a súa correspondente solicitude. Igualmente, dos que comunicasen algunha das dúas situacións recollidas nos números 2 e 3 do artigo 3.

b) Antes do 15 de outubro, a mesma información que na alínea a), corrixida, se for o caso, co resultado do proceso de tramitación ante os interesados e dos controis efectuados até a data.

c) Antes do 15 de xullo do ano seguinte, as medidas detalladas de concesión dos pagamentos adicionais descritos nos artigos 6 e 7, ben como os datos definitivos dos beneficiarios e pagamentos individuais realizados.

2. Cando se produzan cambios nas informacións recollidas no número 1, especialmente como consecuencia de controis, correccións ou melloras das cifras, a información actualizada deberá comunicarse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo de 20 días a partir do momento en que se producise o cambio.

#### Artigo 16. *Coordinación.*

1. A coordinación das actuacións das comunidades autónomas respecto ás dúas axudas reguladas neste real decreto estará adscrita á Mesa de coordinación de axudas gandeiras, constituída de acordo co artigo 27 do Real decreto 138/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector da carne de vacún.

2. Sen prexuízo das funcións que puidesen corresponder ao FEGA no exercicio das súas competencias, a Mesa ocuparase, en particular, de exercer unha función

coordinadora das actuacións das autoridades competentes a respecto de:

- a) Condicións impostas aos beneficiarios no artigo 3.
- b) Concesións dos pagamentos adicionais recollidos nos artigos 6 e 7.
- c) Mecanismos de fornecemento de información recollida no artigo 15.
- d) En caso necesario, a Mesa propondrá a modificación da distribución dos fondos dos pagamentos adicionais recollidos nos anexos II e III, en función da distribución anual das cotas lácteas.

Disposición adicional única. *Equivalencias normativas.*

Na aplicación do artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 2419/2001 da Comisión, do 11 de decembro de 2001, relativo ao incumprimento intencional, a alusión ao termo «superficie» deberase entender como «cota dispoñible na explotación».

Igualmente, as alusións a «calquera dos réximes de axuda establecidos no número 1 do artigo 1 do Regulamento (CEE) n.º 3508/1992, do Consello, do 27 de novembro de 1992, recollidos no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 2419/2001 da Comisión, do 11 de decembro de 2001, e no artigo 31.2 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003», deberanse entender feitas ao «réxime de pagamento único e outros réximes de axuda establecidos nos capítulos III e IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003», cando estes réximes comezan a ser aplicados.

Disposición transitoria única. *Presentación das solicitudes en 2004.*

Non obstante o disposto no artigo 8 e tendo en conta as especiais circunstancias do ano 2004, as solicitudes correspondentes a ese ano poderanse presentar até o 15 de maio de 2004, inclusive.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea.*

Un. Modifícase o parágrafo 3.º do artigo 12.4.b) do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, que queda redactado como segue:

«3.º Ter ao seu dispor os vehículos, cisternas e depósitos, ben como instalacións industriais, necesarios e suficientes para recoller, transportar, tratar e transformar por conta propia a cantidade de leite que pretenda comprar e de maneira que se poidan identificar, en cada ruta de recolla, as entregas que lle faga cada produtor. Estes medios non poderán ser utilizados por máis dun comprador simultaneamente nin transportar o leite mesturado co procedente doutras especies.»

Dous. Modifícase o artigo 21.2 do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, que terá a seguinte redacción:

«2. O día 20 de cada mes deberán estar contabilizadas e documentadas todas as cantidades entregadas polos produtores e, se for o caso, as compras a outros operadores no mes inmediato anterior e acumuladas coas dos meses precedentes do período. Estas cantidades expresaranse en quilogramos, sen decimais, referidas ao contido representativo de graxa correspondente a cada produtor.

Para tal efecto, os compradores autorizados analizarán en laboratorios homologados polo menos unha mostra tomada das entregas realizadas no mes por cada produtor. Nas compras a outros operadores, determinarase a graxa sobre unha mostra de cada transporte.»

Tres. Modifícase a disposición adicional segunda do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Entidades asociativas.*

As entidades asociativas reguladas no artigo 6.a) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que, en 1 de abril de 2004, estiveren autorizadas como compradores ou constituídas incluíndo no seu obxecto social a actividade de comercialización de leite, beneficiaranse das seguintes excepcións ao réxime xeral, sempre e cando as súas compras de leite procedan na súa integridade de produtores asociados:

a) Quedarán dispensadas da fianza exixida no artigo 15 para operar como compradores comercializadores. Así mesmo, quedarán dispensadas da prestación de fianza as entidades asociativas que se constitúan por fusión das anteriores.

b) A obriga prevista no parágrafo 2.º do artigo 12.4.a) entenderase realizada cando se alcance a metade do volume exixido. Esta proporción aplícase ao réxime de adecuación do citado requisito a que se refire o número 3 da disposición transitoria primeira.

c) Non obstante o disposto no artigo 12.7, as cooperativas agrarias de primeiro grao e as sociedades agrarias de transformación que teñan autorización como compradores comercializadores poderán vender leite ás cooperativas agrarias de segundo grao e ás agrupacións de sociedades agrarias de transformación en que estean integradas, sempre que, en 1 de abril de 2004, estiveren autorizadas como comprador ou constituídas incluíndo no seu obxecto social a actividade de comercialización de leite.

Neste caso, as cooperativas agrarias de segundo grao e as agrupacións de sociedades agrarias de transformación estarán obrigadas a cumprir todos os requisitos e obrigas que se exixen neste real decreto aos compradores comercializadores, sen prexuízo dos beneficios a que se refiren os dous parágrafos anteriores. Só poderán adquirir leite procedente das cooperativas agrarias de primeiro grao e das sociedades agrarias de transformación que estean integradas nelas.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación e cumprimento do disposto neste real decreto e, en particular, para:

a) Modificar, en función da evolución das estruturas de produción, os pagamentos adicionais máximos recollidos no artigo 6.

b) Modificar as modalidades de explotación para a distribución dos pagamentos adicionais recollidas no artigo 7.

c) Modificar as datas de tramitación, remisión de información e demais recollidas nos artigos 3, 5, 8 e 12.

d) Modificar os anexos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

### ANEXO I

#### Distribución entre comunidades autónomas dos fondos para os pagamentos adicionais para o ano 2004

Comunidades autónomas	Importe (euros)
Andalucía .....	1.589.164
Aragón .....	310.607
P. de Asturias .....	2.280.047
Illes Balears .....	343.433
Cantabria .....	1.762.470
Castilla- La Mancha .....	656.249
Castilla y León .....	2.805.659
Cataluña .....	2.050.649
Extremadura .....	139.958
Galicia .....	6.326.316
Madrid .....	298.398
Región de Murcia .....	104.775
Navarra .....	598.951
País Vasco .....	897.096
La Rioja .....	60.383
C. Valenciana .....	155.847
<b>Total fondos .....</b>	<b>20.380.000</b>

### ANEXO II

#### Distribución entre comunidades autónomas dos fondos para os pagamentos adicionais para o ano 2005

Comunidades autónomas	Importe (euros)
Andalucía .....	3.186.126
Aragón .....	622.738
P. de Asturias .....	4.571.282
Illes Balears .....	688.551
Cantabria .....	3.533.588
Castilla- La Mancha .....	1.315.718
Castilla y León .....	5.625.084
Cataluña .....	4.111.359
Extremadura .....	280.602
Galicia .....	12.683.673
Madrid .....	598.260
Región de Murcia .....	210.064
Navarra .....	1.200.840
País Vasco .....	1.798.594
La Rioja .....	121.062
C. Valenciana .....	312.459
<b>Total fondos .....</b>	<b>40.860.000</b>

### ANEXO III

#### Distribución entre comunidades autónomas dos fondos para os pagamentos adicionais para o ano 2006

Comunidades autónomas	Importe (euros)
Andalucía .....	4.779.189
Aragón .....	934.107
P. de Asturias .....	6.856.923
Illes Balears .....	1.032.827
Cantabria .....	5.300.382
Castilla- La Mancha .....	1.973.577
Castilla y León .....	8.437.626
Cataluña .....	6.167.039
Extremadura .....	420.904
Galicia .....	19.025.510
Madrid .....	897.390
Región de Murcia .....	315.095
Navarra .....	1.801.260
País Vasco .....	2.697.890
La Rioja .....	181.592
C. Valenciana .....	468.689
<b>Total fondos .....</b>	<b>61.290.000</b>

### ANEXO IV

#### Contido mínimo das solicitudes de axuda

1. Datos persoais do titular da cota, domicilio social.
2. Descrición completa de todas as unidades de produción que constitúen a explotación.
3. Declaración de que o titular coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas ás axudas comunitarias solicitadas.
4. Declaración de que non se presentou ningunha outra solicitude polo mesmo concepto na mesma campaña.
5. Declaración de que todos os datos indicados son verdadeiros.
6. Declaración de que os datos da súa explotación e os dos seus animais corresponden aos contidos na base de datos informatizada ou, en caso contrario, compromiso de comunicar ao órgano competente a rectificación.
7. As advertencias contidas no número 1 do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. No caso de que nun ano determinado o prazo de presentación de solicitudes finalice con posterioridade ao 31 de marzo e, de ser necesario, documentación xustificativa de ter reiniciado a produción.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**6764** *REAL DECRETO 497/2004, do 1 de abril, polo que se homologa o título de enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, da Universidade da Coruña. («BOE» 92, do 16-4-2004.)*

A Universidade da Coruña aprobou o plan de estudos das ensinanza que conducen á obtención do título de